

Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE DOUS POSTOS DE LETRADO/A ASESOR/A XURÍDICO/A (EXPTE_2101-1102)

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras transcritas como Anexo I, para a provisión de dous postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica mediante o sistema de libre designación.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO.- Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.”

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE DOUS POSTOS DE LETRADO/A ASESOR/A XURÍDICO/A (EXPTE_2101-1102)

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación de dous postos de traballo de letrado/ asesor/a xurídico/a adscritos a Asesoría Xurídica.



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

Segunda.- Características do posto de traballo

Os posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Letrado/a-asesor/a xurídico/a
- Numero de postos: 2
- Servizo no que se adscribe: Asesoría xurídica
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1110105
- Escala: Administración xeral/administración especial
- Subescala: Técnica/ Técnica Superior-
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 21.255,50 euros
- Sistema de provisión: Libre designación

Funcións: A Asesoría Xurídica municipal é un órgano de existencia preceptiva nos municipios de gran poboación, que ten atribuída as funcións de asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento e xurídico e da representación e defensa en xuízo do Concello, consonte ao establecido no art. 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción vixente logo da modificación por Lei 57/2003 do 16 de decembro. En consecuencia, son funcións propias dos postos de "letrados/as-asesores/as xurídicas"

- A representación e defensa do Concello en xuízo, das súas resolucións e acordos, perante os distintos órganos xudiciais.
- O asesoramento xurídico atribuído á Asesoría xurídica municipal pola normativa vixente.

Terceira.- Requisitos de participación

Poderán concorrer a convocatoria as persoas que, xunto aos requisitos xerais previstos no artigo 56 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, reúnan as seguintes condicións:

a) Ser persoal funcionario de carreira de calquera das Administracións Públicas pertencente ao grupo A subgrupo A1 da escala de Administración Xeral ou Especial, calquera que sexa a súa situación administrativa agás da suspensión de funciones, cando reúnan as condicións xerais e requisitos determinados na presente convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias

b) Titulación requirida.- licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

Todos os requisitos deberán poseerse na data da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento da toma de posesión.

Cuarta.-Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes se dirixirán ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Vigo e se presentarán no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, número de teléfono móbil/fixo e enderezo de correo electrónico.

As persoas aspirantes acompañarán á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI en vigor
- Curriculum vitae no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo

As solicitudes deberán presentarse por medios electrónicos no rexistro electrónico do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 16.4.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, contados a partir do seguinte ao da publicación de esta convocatoria en el «Boletín Oficial del Estado».

Quinta.- Resolución da convocatoria

A presente convocatoria resolverase mediante acordo da Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dous meses contados dende a data de publicación en virtude do establecido no artigo 27.3 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

Valorarase a idoneidade para o desempeño do posto convocado conforme os méritos alegados e acreditados documentalmente así como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, podendo quedar deserta a convocatoria se ningunha das persoas candidatas reúne a idoneidade para o desempeño do posto, a xuízo do órgano competente para resolver.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

A persoa así nomeada poderá ser removida libremente polo mesmo órgano que o nomeou, nos termos establecidos na normativa vixente.

Sexta.- Toma de posesión

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Sétima.- Publicidade

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo



Xoves, 9 de xullo de 2026

Núm. 129

Oitava.- Recursos

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de instancia de Vigo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a publicación do anuncio consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SGF

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024).- María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.11.2025).- Patricia Rodríguez Calviño

